

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Febreiro [día 1]

Neste primeiro día do mes de febreiro, nun bosque situado na desembocadura do Tiber, os romanos sacrificaban un touro de pelesco escuro en honor a Helerno. Os celtas celebraban a festa de Imbolc en honor a Brigit, deusa do fogar, das colleitas e das artes, venerada por poetas, médicos e ferreiros. De Brigit, por certo, deriva o topónimo Brigantia.

A igrexa católica e a tradición irlandesa celebran este día en honor a Santa Bríxida, santa nacional de Irlanda, substituta da anterior Brigit e bautizada polo mesmo San Patricio no século V.

BIBLIOGRAFÍA

FERRO RUIBAL, Xesús, et al., Dicionario dos nomes galegos, Ir Indo, Vigo, 1992.